

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A CONSELLERÍA DO MAR (DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO) PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA DE BOLSAS DE FORMACIÓN NO EXTRANXEIRO PARA O ALUMNADO DO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 19 de xullo de 2024, ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a mellora do desenvolvemento das accións de formación dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro co obxecto de mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional.

Así, o convenio regula os compromisos das partes formalizados no dito instrumento co obxecto de mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional mediante a dotación económica de bolsas para a especialización de alumnos/as e técnicos/as en diferentes sectores da acuicultura e o mergullo que se están a formar no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) na Illa de Arousa (Pontevedra), que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



En particular, ditos compromisos das partes para a execución conxunta da mencionada actuación se concretan na dotación económica das ditas bolsas de especialización e no procedemento de selección dos seus beneficiarios, e na elaboración e seguemento do seu proxecto formativo, así como nos seus correspondentes mecanismos de execución e seguemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte :

- O Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG N°58, de 26 de marzo), no seu artigo 1 indica que esta consellería é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor as directrices xerais do Goberno, entre outras, en materia de ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, e que conscientes da importancia económica e social que para Galicia ten o desenvolvemento da acuicultura e a formación de técnicos/as nesta materia, creouse o IGafa na Illa de Arousa (Pontevedra), que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
- A Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do disposto no artigos 109.1ºd) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG N° 149, de 5 de agosto), e no 36.1ºd) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (BOE N° 80, de 3 de abril), ten competencia en materia de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, en base ao que e co fin de mellorar os programas existentes para a provincia, a Deputación Provincial está interesada en cooperar nas accións de formación dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con ese obxecto de mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
asinado dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

